

Os pobos precisan mitos, tanto ten que sexa Breogán ou José Martí que o Xesús ou..., por que non, Prisciliano.

Esta é a tese que sostén o profesor e teólogo Victorino Pérez Prieto, un abandeador dos movementos de renovación da Igrexa galega -foi director da revista *Irimia* e pertence ao consello de redacción da revista *Encrucillada*, para quen Prisciliano é "un símbolo necesario da construcción da identidade galega".

Efectivamente, no seu último libro, *Prisciliano na cultura galega: un símbolo necesario* (Galaxia, 2010), o autor sostén catro teses fundamentais arredor da figura de Prisciliano, as dúas primeiras de carácter histórico e as dúas últimas de carácter actual, pero cunha non disimulada vocación de futuro: primeira, Prisciliano foi un mito mobilizador da cultura galega nas súas orixes, pois foi precisamente como consecuencia do partido que tomaron as classes cultas da sociedade galega do século IV -eis os autores priscilianistas coe-

Mito mobilizador

Unha lexítima identidade

ALFREDO IGLESIAS DIÉGUEZ

vos, como Exeria ou Baquiarío, os antipriscilianistas coevos, como Idacio de Chaves, e os autores de

tempos posteriores, como Paulo Orosio de Braga -que se produciu a primeira eclosión cultural galega, magnificamente estudiada

polo profesor Eduardo López Pereira, debido a que coa súa discusión teolóxica e o seu traballo erudito contribuíron a elevar o nivel cultural da Gallaecia tardorromana; segunda, Prisciliano foi un mito mobilizador da identidade do pobo galego, en tanto que se identificou coa terra galega e co pobo galego, establecendo unha Igrexa próxima ao Evanxeo, polo que fronte á Igrexa autoritaria, xerárquica e masculina, Prisciliano defendeu unha Igrexa de iguais, na que os homes e as mu-



llerles tiñan os mesmos de reitos, e unha Igrexa moi próxima á natureza; terceira, Prisciliano é un mito necesario, como así o consideraron ilustres persoeiros do galeguismo, como Castelao -para quen foi un dos maiores símbolos da Galiza, o que vai primeiro na Santa Compañía de immortais galegos-, Otero Pedrayo -quen o considerou a figura máis senlleira da historia galega ou Portela Valladares -quen o considerou o noso Cebreiro de galleguidade-, en tanto que construíu unha lexítima identidade galega fronte á intransixencia aldea e pensamento único, imperialista, que o autor denunciara na súa obra *Contra a síndrome NNA (Non hai Ningunha Alternativa): unha apostila pola esperanza* (2005); e, cuarta, Prisciliano é mito mobilizador de cara a un cristianismo lexicalmente galego nunha Igrexa galega.

Daquela, con esta obra, o autor ofrécenos a oportunidade de coñecer, desde unha perspectiva histórica e teolóxica, ao persoero que deixou unha marca tan fonda na alma do pobo galego: Prisciliano, decapitado como un mártir en Tréveris no 385. **PÉREZ PRIETO, Victorino, Prisciliano na cultura galega, Ed. Galaxia, Vigo, 2010, PVP 26,20 €**